



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

REGULAMENTO REGULADOR DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE FRIOL. -

De conformidade co disposto no art. 20 da Lei orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, no que se establece a creación, modificación ou supresión de ficheiros das administracións públicas, soamente poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no diario oficial correspondente e de que na disposición adicional primeira da lei orgánica establécese que as administracións públicas responsables de ficheiros de titularidade pública teñen a obriga de aproba-la pertinente disposición de regulación do ficheiro ou de adaptación da existentes.

Art. 1.- Os ficheiros automatizados de carácter persoal existentes no Concello de Friol, son que se relacionan nos artigos seguintes, indicando o nivel de medidas de seguridade cos niveis correspondentes a cada un destes ficheiros.

Art. 2.- Quedan suprimidos os ficheiros de datos de carácter persoal creados por acordo do Pleno de data 27 de decembro de 1994

Art. 3.- Crearanse no Concello de Friol os ficheiros que a continuación se relacionan:

Padrón de habitantes.

Sistema informático de usuarios de servizos sociais (SIUSS).

Xestión contable.

Elaboración de nóminas do persoal municipal.

Xestión tributaria.

Rexistro de entrada e saída

Art. 4.- O órgano responsable de cada ficheiro é o que se sinala no anexo da presente regulamentación, sendo igualmente responsable da súa seguridade, para o que se deberán adapta-las medidas técnicas, de xestión e organización que sexan necesarias para asegura-la confidencialidade, seguridade e integridade dos datos, así como as conducentes a facer efectivas as garantías, obrigas e dereitos recoñecidos na lei e na normativa de desenvolvemento.

Art. 5.- A cesión dos datos a outras administracións públicas para o desempeño das súas atribucións ou con fins estatísticos, axustarase ó disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, así como á Lexislación Reguladora das Bases de Réxime Local e a Lexislación Tributaria, ou o que con carácter específico poida establecerse para cada ficheiro.

DISPOSICIÓN FINAL.- a presente regulamentación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril.